



Concello de RAMIRAS

galicia

NIF : P3206900 G

Tf. : 988 491 523

Fax : 988 478 604

E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 25 DE FEBREIRO DO 2016

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Ramirás (Ourense) cando son as doce horas e cinco minutos (12:05') do día vinte e cinco de febreiro de dous mil dezaseis, reúnese a Corporación Municipal para os efectos de celebrar Sesión plenaria ordinaria en primeira convocatoria.

ASISTENTES.

Asisten ó acto, baixo a Presidencia de **Don Juan Carlos Rodríguez Matías**, Alcalde do Concello, os Sres concelleiros membros da Corporación seguintes:

- **Sr. Alcalde:** D. Juan Carlos Rodríguez Matías
- **Sres. Concelleiros:**
 - Dna. Isabel Gil Álvarez
 - Dna. Carmen Álvarez López
 - D. Manuel Álvarez Conde
 - D. Marcos Meléndez Alonso
 - Dna. M^a José Ledo García
 - Dna. M^a Cristina González Santalices
 - Dna. Manuela Méndez Mouriño
 - D. Antonio Pérez Vázquez

Asistidos pola Secretaria-Interventora M^a Begoña Quintas Fernández.

ORDE DO DÍA.

A Presidencia logo de comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Alcalde pregunta ós membros do Pleno se teñen algo que obxectar á acta da sesión celebrada na data 28/01/2016, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Intervén a concelleira Dna. Isabel para facer unhas precisións sobre as súas intervencións na sesión anterior e di que na páxina 3, no parágrafo segundo “*Intervén a concelleira Dna. Isabel e manifesta que*

mentres non se cumplan as reducións das emisións polas grandes potencias, ten pouco sentido, estas reducións a nivel local" aclara a concelleira que o que quixo dicir e que as reducións sempre ten importancia, anque sexa a nivel local.

E en relación co apartado "*Toma a palabra a concelleira Dna. Isabel e di que cabe esa posibilidade de ser de alta montaña, sempre que haxa un punto alto e que neste caso, Ramirás, pode cumprir por estar na continuidade do Castro Leboreiro e se ten un punto alto é suficiente, como é o caso de Castrelo de Miño na zona que linda con Cartelle*" di a concelleira Dna. Isabel que non recorda haber dito que Castrelo de Miño teña punto alto.

Continua a concelleira a dicir que na páxina 7, no parágrafo "*Intervén a concelleira Dna. Isabel e di que os participantes na mesa de contratación ten que ser designados, previamente, polo portavoz do grupo político.*" Di a concelleira que non se manifestou tal cual aparece a intervención, senón que, o proceder é que o grupo político designe representante e o comunique a través do portavoz.

Coa introducción da aclaración no referente ás emisións de CO₂, coa supresión do apartado "*como é o caso de Castrelo de Miño na zona que linda con Cartelle*" e coa supresión na páxina sete das palabras "*portavoz do*", sométese a Acta á votación e queda aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

2º .- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE RECADACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Iniciase o punto coa lectura da proposta segundo o texto que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA AO PLENO

O Concello de Ramirás tivo durante dez anos un contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga domiciliara e este contrato finalizou na data 31/12/2015.

Nestas datas o servizo está a prestarse directamente polo Concello, e polo mesmo é preciso acordar fórmulas entorno as distintas labores que comporta a prestación do servizo, entre estas, a recadación das taxas segundo a ordenanza reguladora, a recadación da taxa de sumidoiros e depuración dos usuarios do servizo do abastecemento de auga e o canon da auga.

O vixente Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais atribúe ás entidades locais as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos.

A complexidade que comporta a realización destas tarefas, aconsella a utilización de fórmulas que permitan un eficaz e adecuado exercicio das facultades mencionadas, dentro dos sistemas que para este fin prevé a normativa local aplicable.

A normativa permite a delegación na Deputación Provincial de Ourense das facultades que este Concello ten atribuídas en materia de recadación da taxa da auga, canon da auga e taxa de sumidoiros e depuración.

Considerando conveniente a delegación destas funcións na Deputación Provincial de Ourense e sendo conforme a dereito a devandita delegación en virtude do establecido no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 106.3 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local,
PROPOÑO adoptar o seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Delegar na Deputación Provincial de Ourense as facultades que este Concello ten atribuídas en materia de recadación da taxa da auga, taxa de sumidoiros e depuración dos usuarios do servizo de abastecemento domiciliario de auga e canon da auga, nos termos establecidos no apartado segundo 2.1.b, así como das actuacións pendentes dos últimos catro*

anos, e non prescritas, sobre as anteriores, ó abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no presente acordo.

SEGUNDO: O contido e delegación é o seguinte:

2.1. Taxa da auga, Taxa de sumidoiros e depuración dos usuarios do servizo de abastecemento domiciliario de auga e canon da auga:

Competencias:

a) Obrigas do Concello:

- Remisión do padrón de contribuíntes
- Remisión das lecturas anualmente, semestralmente, trimestralmente ou bimestralmente, segundo o criterio fixado na ordenanza, pois a lectura de contadores faráse polo Concello a efectos de proceder á súa informatización pola Deputación remitindo así mesmo a relación de debedores dos últimos 4 anos, a efectos de poder iniciar a executiva, dita remisión realizarase nunha base de datos, principalmente excell, así como calquera actualización, establecendo a Deputación a estrutura e períodos.
- Remitir á Deputación, as altas, transferencias, baixas e demais circunstancias que poidan afectar á liquidación da taxa, de que teñan coñecemento.
- Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación da taxa, que lle sean presentados, a fin de proceder a elaborar o correspondente informe e expedir o documento acreditativo da mesma.
- Remiti-las domiciliacións existentes.
- Remiti-la Ordenanza Fiscal e a reguladora dos servizos aplicables.

b) Obrigas da Deputación:

Facultades de xestión:

- Aproba-los padróns tributarios
- Concesión e denegación de exención e bonificacións se procede.
- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo individuais.
- Dicta-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidación de intereses de demora.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.
- Cobrar o canon da auga e facilitar ao Concello os datos para presentar as correspondentes declaración perante Augas de Galicia

2.2. Contidos de aplicación:

As facultades de recadación en período voluntario e executivo, tanto de débedas por recibo como de liquidacións por ingreso directo e, no seu caso, de autoliquidacións, correspondentes á taxa ou precio público delegado, que abarcará cantas actuacións comprende a xestión recadatoria de acordo coa lexislación aplicable e, en todo caso o seguinte:

- Practicar notificacións colectivas en débedas por recibo e individuais en liquidacións por ingreso directo.
- Fixar prazos de cobro en período voluntario en débedas por recibo.
- Establecer, de ser necesario, itinerarios de cobranza.
- Conferir e revogar ás entidades de depósito o carácter de entidades colaboradoras e establece-los límites da colaboración.
- Expedir relacións certificadas de debedores por recibos e certificacións de descuberto por liquidacións de ingreso directo.

- Dicta-la providencia de prema en recibos e certificacións de descuberto e resolve-los recursos contra o devandito acto administrativo.
- Liquidar intereses de demora, previa orde expresa do Concello para a súa aplicación en tódalas débedas en que aqueles sexan esixibles.
- Conceder ou denegar aprazamentos e fraccionamentos en voluntaria e executiva.
- Recibir e custodiar garantías de débedas ou dispensalas.
- Ordena-la constitución de hipotecas especiais.
- Dictar acordos de derivación de procedemento.
- Efectuar peritaxes e valoracións de bens embargados.
- Autorizar e presidir subastas.
- Acorda-la suspensión do procedemento.
- Iniciar tercerías de dominio e de mellor dereito.
- Propoñe-la adxudicación de fincas ó Concello, expedindo as certificacións necesarias para a súa inscrición nos rexistros públicos.

TERCEIRO: Condicións da delegación:

- 1) A Deputación Provincial de Ourense exercerá as facultades obxecto da presente delegación na forma que acorde a expresada Corporación.
- 2) Para o exercicio das facultades delegadas, o servizo aterase ó ordenamento local e á lexislación aplicable de acordo co establecido na Lei reguladora das Facendas Locais así como na normativa que en materia de xestión e recadación tributarias pida dicta-la Deputación Provincial en uso da súa potestade regulamentaria prevista no artigo 106.2 da Lei de Bases de Réxime Local, e na ordenanza municipal de Xestión de tributos, segundo modelo uniforme facilitado pola Deputación.
- 3) Polo exercicio das funcións delegadas no presente acordo, a Deputación Provincial percibirá as compensacións económicas previstas na actual Ordenanza Provincial Fiscal vixente na materia.
As cantidades a que dea lugar a devandita compensación económica serán retiradas das entregadas e liquidacións correspondentes que se realicen ó Concello.
- 4) A devolución dos ingresos indebidos que no seu caso se produza ocasionará a dedución da cantidade correspondente das liquidacións que deban renderse ó Concello, sendo de conta da Deputación Provincial a devolución da parte de recarga de prema percibida só nos casos en que a causa que dea orixe á devandita devolución sexa imputable á súa actuación no exercicio das facultades delegadas.
A compensación de débedas en período voluntario que, de conformidade coa lexislación aplicable, o Concello puidera acordar, requerirá a intervención do servizo para a súa realización debendo, en calquera caso, entenderse como débedas cobradas a efectos do premio de cobranza e das recargas ou participacións que á Deputación Provincial poida corresponder nas mesmas.
- 5) Os anticipos a conta da recadación rexeranse polo disposto no artigo 8 da ordenanza fiscal antes mencionada.
- 6) As cantidades que correspondan pola recadación obtida serán transferidas ó Concello mensual ou trimestralmente, segundo o seu importe, a concretar no convenio, acompañadas da documentación xustificativa, rendéndose anualmente polo servizo conta da súa xestión recadatoria.
- 7) A citada delegación non inclúe a taxa por verquidos.

CUARTO: Entrada en vigor e prazo de vixencia:

Unha vez aceptada pola Deputación Provincial a presente delegación entrará en vigor con efectos de 01 de xaneiro de 2016.

A presente delegación estará vixente ata o 31 de decembro de 2020 e quedará facitamente prorrogada, por períodos de catro anos, se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a seis meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

QUINTO: *O presente acordo haberá de notificarse á Deputación Provincial de Ourense a efectos de que pola súa parte se proceda á aceptación da delegación aquí conferida.*

SEXTO: *Unha vez aceptada a delegación pola Deputación Provincial, o presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no da Comunidade Autónoma, para xeral coñecemento, de acordo co previsto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."*

Inicia a rolda de intervencións o Alcalde e explica o contido da proposta de delegación da recadación da taxa da auga e sumidoiros a favor da Deputación Provincial de Ourense.

Intervén a concelleira Dña. Isabel e di que recorda que nunha anterior sesión plenaria o Alcalde dixo que o Concello xestionaría directamente a auga e esa xestión do servizo do abastecemento da auga polo Concello, parecíalle a concelleira, que era unha boa opción, mais beneficioso para todos e podería supor menor custo para o vecindario. Continua a concelleira a dicir que agora a pretensión do Alcalde é que leve o tema da auga a Deputación, cando el dixo que a xestionaría o Concello.

Di que a maioría dos concellos da provincia levan a xestión do servizo da auga, incluída a recadación e que isto xera mais recursos no Concello e mais traballo para administrativos. Pero, no caso de delegar, o mais probable, é que a Deputación subcontrate os servizos e isto suporá encarecer o servizo e, no momento en que a Deputación suba os recibos o Concello non poderá facer nada.

A concelleira Dña. Isabel continúa a dicir que o que parecía unha boa opción, agora muda e a pretensión é delegar. Pero o que debe facer o Concello e manter a proposta e delegar os servizos que non se poden realizar con medios propios, como son as analíticas, pero a recadación é unha tarefa sinxela que supón pouco traballo e non entende porque se vai delegar e que o Alcalde debe respetar o que dixo no seu día e que a xestión do servizo da auga se faga polo Concello.

Toma a palabra o Alcalde e di que igual non se explicou ben e confirma que os concellos do entorno xestionan a auga, pero que o Concello de Ramirás tamén presta o servizo de xeito directo, porque a proposta que presenta ao Pleno é solo referente a recadación das taxas. Continua a dicir que xa se fan altas e baixas, a cloración, as lecturas e o mantemento desde o Concello e di que aos veciños non lle vai costar mais o servizo porque o importe da taxa da auga está regulado na ordenanza fiscal do Concello. O Alcalde di que a razón de delegar a recadación é que é liosa e que todos os concellos do entorno ten a recadación do servizo da auga delegada. Continua coa intervención e di que a Deputación non vai delegar a recadación en ningunha empresa, que a recadación a realizarán os servizos propios da Deputación.

Toma de novo o uso da palabra a concelleira Dña. Isabel e di que a recadación debe realizala o Concello, porque son euros que quedan para o concello e que a recadación é moi sinxela e o mesmo tempo é oferta de traballo para persoal propio do Concello.

Intervén o concelleiro D. Marcos e pregunta polo número de usuarios e polo importe que cobra a Deputación Provincial por realizar a recadación.

Contesta o Alcalde que os usuarios son entorno a dous centos sesenta e o prezo do servizo ascende ao 5% do importe recadado, excluído o canon da auga e o IVE.

O concelleiro D. Marcos di que é importante saber o importe da recaudación do ano 2015 e pregunta por eses datos. Deseguido faise un cálculo do custo sobre os importes do último trimestre do exercicio 2015, resultando:

- 264 usuarios
- Importe facturación do servizo de abastecemento e saneamento 9.317,33 €
- Canon da auga 1.843,64 €
- IVE 541,08 €

- Importe recadación sen canon e sen IVE 6.932,61 €
- Importe a cobrar pola Deputación Provincial pola recadación (5 %) 346,64 €

Continua o concelleiro D. Marcos coa intervención e di que por este importe que sale a cobrar pola Deputación Provincial, parecele que non se pode facer dende o Concello. Di que os concellos que ten os servizos de recadación contratados coa empresa Catoure por ahí andan de custo.

Intervén a concelleira Dña. Isabel e di que non é así, que o servizo da recadación ten que ser moito mais caro, segundo a información que ela ten.

Toma a palabra o Alcalde e di que hai unha diferenza importante entre a Deputación Provincial e outras empresas, porque a Deputación tamén realiza a recadación en vía de constrinxemento e outras empresas remiten a documentación aos concellos para a tramitación. Continua coa intervención e di que os custes para o Concello en vía de constrinxemento son os recargos.

Intervén a concelleira Dña. Isabel e pregunta onde está o importe do 5%, que non texto da proposta non aparece e di que se é así que se poña esa porcentaxe.

Contesta a Secretaria, trala concesión da palabra polo Sr. Alcalde, que está na Ordenanza fiscal que ten aprobada e publicada a Deputación Provincial.

O concelleiro D. Marcos volve realizar as operacións sobre a recadación do último trimestre do exercicio 2015 e di que o importe a cobrar pola Deputación Provincial está entono aos 370,00 euros, iso sen descontar o IVE.

Toma a palabra a concelleira Dña. Isabel e di que si é o 5% da recadación en período voluntario, pero é o 100% en período executivo.

Acláralle o Alcalde á concelleira Dña. Isabel que o importe a cobrar pola xestión da executiva é o 100% dos recargos, non das taxas, dille que o importe das taxas recadadas no período de constrinxemento é íntegro para o Concello.

Intervén o concelleiro D. Marcos e di que a el non lle parece caro, nin o que cobra a Deputación pola recadación en período voluntario nin en período executivo, porque os recargos son a costa dos usuarios que non pagan, non a costa do Concello. E, por outra banda, por en marcha a recadación supón comprar programas, mantemento, etc. que non é barato.

O Alcalde segue a defender a delegación da recadación porque lle parece a mellor fórmula.

Intervén a concelleira Dña. Isabel e pregunta para que se quere a Mancomunidade de Celanova. Que a outras comarcas sálenlle uns recibos aos usuarios entono a 6 euros. Polo mesmo defende a xestión da auga consorciada con outros concellos e di que non entende porque non se fai iso, e entanto esa fórmula non se realice di que a súa postura é que a xestión da auga se realice polo Concello.

Intervén o Alcalde e di que a Mancomunidade, de momento, non presta o servizo de recadación da auga en ningún concello, e, por outra parte, non lle convence o servizo de recadación da Mancomunidade de Celanova. Di o Alcalde que consorciar a auga do Concello de Ramirás é encarecela porque Ramirás ten unhas condicións que non ten outros concellos, por exemplo, non gasta en bombeos aos depósitos, o que si pasa na maioría dos municipios.

Toma a palabra o concelleiro D. Marcos e di que ceñíndose á proposta presentada quere coñecer os datos reais dos custos que xerará a delegación da recadación.

Contéstalle o Alcalde que os datos son que a Deputación cobra o 5% do importe da recadación en período voluntario e o importe das taxas da auga e do saneamento son os que ten aprobados o Concello na súa propia ordenanza fiscal.

Toma a palabra a concelleira Dña. Isabel e di que o Alcalde pretende hipotecar ao Concello porque para rescindir a delegación ten que motivar cunha causa xustificada e probablemente, teña que interpor recurso administrativo que dura anos.

Toma a palabra o Alcalde e di que a rescisión da delegación solo hai que comunicala con seis meses de antelación.

Intervén a concelleira Dna. Isabel e dille ao Alcalde que poña claros todos os datos e que ela deduce da lectura da información que o Concello ten que ter un motivo para rescindir ou noutro caso, recurso administrativo.

Toma a palabra o Alcalde e repite que para deixar sen efecto o acordo solo hai que comunicar con seis meses de antelación.

Entran en discusión entre a concelleira Dna. Isabel e o Alcalde sobre o importe dos custos da Deputación polo servizo e sobre o custo para os usuarios.

O Alcalde acorda aportar e presentar ao Pleno as ordenanzas da Deputación Provincial reguladoras dos servizos da recadación e a Secretaria trae as ordenanzas do Concello de Ramirás reguladoras do servizo de abastecemento da auga e do saneamento e a Ordenanza fiscal xeral de xestión, inspección e recadación tributaria da Deputación Provincial publicada no BOP nº 66, de data 23 de marzo de 2015. Non obstante, non localizan a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial, na que se establece que o custo dos servizos de recadación é o 5% do importe recadado en período voluntario e o 100% das recargas de constrinxemento no período executivo.

Toma a palabra o Alcalde e explica que se pode acordar a delegación condicionándoa a ese 5% de custo sobre a recadación e que a Deputación envíe por escrito o texto da ordenanza fiscal regulatoria dos prezos e que indique se, no caso de haber modificacións sobre o 5%, é causa de rescisión do acordado.

Previa autorización do Alcalde, informa a Secretaria que para rescindir a delegación non ten que haber un motivo solo hai o condicionante dos seis meses de antelación.

Os concelleiros Intercambian as súas opinións sobre a posible rescisión e sobre posibles sancións.

Intervén a concelleira Dna. Cristina para manifestar as posibles actuacións e sancións no caso dun incumprimento con entidades subministradoras de servizos.

Continúan a discutir os portavoces e o Alcalde sobre os diferentes puntos de vista e non hai acordo nas súas posturas.

Polo mesmo, pola unanimidade dos concelleiros presentes, acordan deixar o asunto sobre a mesa, ata a próxima sesión, para mellor estudo.

3º.- CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS: DEBATE E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA

A concelleira Dna. Isabel da lectura á Moción presentada segundo se trascribe deseguido:

"PROPOSTA DE MOCIÓN EN TODOS OS CONCELLOS DE GALICIA PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS

O pasado 21 de xaneiro facíase público o *4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*¹, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Comité de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galicia se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,

O Concello/ Grupo Municipal Socialista no Concello de Ramirás manifesta o seu compromiso coa *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas*, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galicia e

INSTA á Xunta de Galicia a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.
- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na *Carta*, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.
- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.
- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.
- Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

19 de Febreiro 2016

Voceira do Grupo Municipal Socialista de Ramirás
Isabel Gil Alvarez

ALCALDE- PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE RAMIRAS"

Comenta a concelleira Dna. Isabel que o mellor era unha proposta acordada pola Corporación do Concello de Ramirás.

Toma a palabra o Alcalde e di que pola información que el ten é que o Estado español foi felicitado polo estado actual das linguas minoritarias. Di o Alcalde que a lingua hoxe está na rúa, nas administracións e en tódolos ámbitos. Pero o galego non debería ser imposto, porque o que conseguen nas aulas é que os estudantes acaben cansados da nosa lingua.

Intervén a concelleira Dna. Isabel e di que cada día se está restrinxindo mais o uso da lingua galega nas aulas, que era unha lingua mais protexida polo goberno do Sr. Fraga que polo goberno actual.

Toma a palabra o Alcalde e di que habería que investigar o porque de que non se use mais a nosa lingua, porque segundo a súa percepción, non é problema da ensinanza, nen se vai falar mais porque se impoña mais nas aulas.

Intervén a concelleira Dna. Isabel e di que sempre foi un idioma discriminado pola percepción de que a nosa lingua era pouco culta e isto orixinou esa falta de aprecio e ese maltrato e por iso non se fala e continua a dicir a concelleira que o goberno galego actual impide a difusión do noso idioma e non potencia suficientemente o uso da lingua, con risco de desaparición nos próximos anos .

Toma a palabra o Alcalde e manifesta que a el parécelle que os estudantes acaban aburridos do galego, que as razóns de non usar a nosa lingua son outras e di que o seu grupo político esta dacordo en que maior presión nas aulas non é o camiño correcto para potenciar o uso do galego.

Conclúen as intervencións, procédese á votación sobre a Moción, polo Pleno da Corporación, e por cinco votos a favor (PSdeG-PSOE e BNG) e catro votos en contra (PP), a **moción queda aprobada**.

4º.- DAR CONTA DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2016 E REMISIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA

- Dase conta ao Pleno da información remitida ao Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas do Orzamento prorrogado do exercicio 2016 na data 19/02/2016.

5º.- DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA DA EXECUCIÓN DO 4º/TR/15 E DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 4º/TR/15

- Dase conta ao Pleno do informe de Intervención sobre o cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais relativo ao 4º trimestre/2015.
- Dase conta do PMP (Périodo medio de pago a provedores) remitido na data 27/01/2016.
- Dase conta da "Actualización e datos de execución do orzamento e/ou estados financeiros iniciais da Corporación Municipal, remitido ao Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas na data 27/01/2016.

6º.- DAR CONTA DOS DECRETOS

- En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta dos Decretos ditados dende a última sesión do Pleno da Corporación.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

- FACTURAS DECRETO 05/02/16

Intervén a concelleira Dna. Isabel e pregunta por algunhas facturas das que aparecen na relación aprobada no Decreto de data 05/02/2016, en concreto, polas facturas do mantemento do Padrón de

Habitantes, desarrollo do portal web, campamento de Nadal para nenos e reparacións na fonte de Vilavidal.

Contéstalle o Alcalde e informa que se corresponden co mantemento anual do programa informático do Padrón de Habitantes, coa realización da páxina web do Concello, as actividades lúdicas para nenos nos días de vacacións de Nadal que se realizaron no local de San Andrés e que a reparación da fonte de Vilavidal consistiu en reformar o tellado.

- PORTERIAS DE SAN ANDRÉS

Toma a palabra a concelleira Dna. Isabel e pregunta para onde se levaron as porterías da pista deportiva de San Andrés.

Contesta o Alcalde que están no campo do Viso e di que están disponibles e que se poden levar para onde se lle dea uso.

- PISTA DA FACHA A COVELIÑA

Intervén o concelleiro D. Antonio e di que a pista da Facha a Coveliña esta moi mal e dille ao Alcalde que deben ir a vela, que agora nace unha levada de auga no medio da estrada, e que en xeral esta moi deteriorada.

Contesta o Alcalde que vai ir vela ao terminar o Pleno para ver se pode entrar nas axudas do Plan Marco da Xunta de Galicia. Porque estas axudas son para pistas que dean acceso a fincas de explotacións agrarias e nesa zona hai parcelas de explotacións inscritas no REAGA. Di o Alcalde que se esa pista reúne os requisitos esixidos nas bases do Plan Marco solicitara a subvención para arraxala.

- COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL ORZAMENTO 2016

Intervén a concelleira Dna Isabel e pregunta pola Comisión Informativa Especial do Orzamento.

Contéstalle o Alcalde que ao final informará desa Comisión e doutros temas.

- MANGUEIRAS INCENDIOS

Toma a palabra o concelleiro D. Manuel e solicita mangueras de incendios para o lugar de Calvos, di que están as bocas e que necesitan as chaves e as mangueras.

Contesta o Alcalde que verá se é posible adquirir as mangueras.

A concelleira Dna. M^a José di que en algunhas parroquias as ten comprado os veciños e a concelleira Dna. Manuela dille ao Alcalde que, no caso de adquirilas, que tamén compre mangueras para Casardeita e o mesmo pide o concelleiro D. Marcos para o lugar de Vilaflor e a concelleira Dna. Carmen para Fraguas.

Contesta o Alcalde que vera o que pode facer e que o Orzamento 2016 está sen aprobar.

- ENTREGA DE RESPOSTAS DE MOCIÓNS

Intervén o Alcalde e dalle aos concelleiros Dna. Isabel e D. Marcos copia das respostas das Mocións sobre a menexite e sobre o Catastro.

- GEODESTINO TURÍSTICO

O Alcalde informa da reunión organizada polo INORDE para a creación de un GEODESTINO na zona Baixa Limia-Terras de Celanova. Di que é para o fomento do turismo como no seu día se fixo coa Ribeira Sacra, ou Trevinca-Manzaneda.

Informa o Alcalde que isto supón un gasto e que os concellos aportarían a metade do custo total e a outra metade a Deputación Provincial, con reparto entre os concellos atendendo ao 80% por territorio e a 20% por poboación e que tamén subvenciona a Xunta de Galicia.

O custo estimativo para Ramirás sería no prazo de tres anos entono a 7.000,00 € e di o Alcalde que lle parece interesante para dar a coñecer os puntos de interese do Concello.

Que pasados tres anos e unha vez creado o GEODESTINO a Deputación Provincial retirase e pasaría a xestionarse polos concellos mediante algunha fórmula de agrupación das entidades que o compoñen.

Di o Alcalde que isto é unha información previa do tema tratado na reunión, que os acordos tomaranse polo Pleno da Corporación, onde se presentaran cando sexa o momento.


- COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL

Informa o Alcalde que non convocou a Comisión Informativa Especial por non ter disponibilidad no seu traballo, porque estaba con xestións para poder ter horas libres polas mañás e di que agora si que ten horas libres polas mañás, polo que as reunións mellor polas mañás.

Propón entre os portavoces e o Alcalde distintas datas para a próxima celebración da Comisión Informativa Especial do Orzamento 2016, non hai acordo sobre a reunión desta Comisión.

Ao non haber máis asuntos a tratar na orde do día, cando son as catorce horas, (14:00'), o Sr. Alcalde da por concluída a Sesión, do que eu, como secretaria, dou fe.

O alcalde



Juan Carlos Rodríguez Matías

A secretaria-interventora

M^a Begona Quintas Fernández

